A Mancomunidade do Val Miñor celebra a XXVI Festa da Bicicleta o Día das Letras Galegas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 12 Maio 2014 21:42



Coincidindo co Día das Letras Galegas, a Mancomunidade do Val Miñor organiza para o vindeiro sábado 17 de maio a XXVI edición da Festa da Bicicleta. A concentración terá inicio ás 10 da mañá para as respectivas inscricións e entrega de dorsais no Parador de Baiona. Segundo comunica a organización, para participar é obrigatorio un mínimo de 7 anos de idade e levar casco todo o percorrido.